

14-maio-2017 - 5º-Pascua-A

LECTURAS

FEITOS 6, 1-7.

Elixiron sete homes cheos do Espírito Santo.

SALMO 32:

Que a túa misericordia, Señor, veña sobre nós, como o esperamos de ti.

I PEDRO 2, 4-9:

Vós, en cambio, sodes unha liñaxe elixida, un sacerdocio real.

XOÁN 14,1-12: *Eu son o camiño e a verdade e a vida.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«*Non se turbe o voso corazón, crede en Deus e crede tamén en min. Na casa de meu Pai hai moitas moradas; se non, diríavolo, porque vou prepararvos un lugar. Cando vaia e vos prepare un lugar, volverei e levareivos comigo, para que onde estou eu esteades tamén vós. E onde eu vou, xa sabedes o camiño*».

Narrador: Tomé díxolle:

Tomé: -«*Señor, non sabemos onde vas, como podemos saber o camiño?*».

Narrador: Xesús respondeulle:

Xesús: -«**Eu son o camiño e a verdade e a vida.** *Ninguén vai ao Pai senón por min. Se me coñecédes a min, coñeceríades tamén o meu Pai. Agora xa o coñecedes e vístelo*».

Narrador: Díxolle Filipe:

Filipe: -«*Señor, móstranos o Pai e abóndanos*».

Narrador: Xesús replícalle:

Xesús: -«*Hai tanto que estou convosco, e non me coñeces, Filipe? Quen me viu a min viu o Pai. Como dis ti: “Móstranos o Pai”? Non cres que eu estou no Pai, e o Pai en min? O que eu vos digo non o falo por conta propia. O Pai, que permanece en min, el mesmo fai as obras. Crédeme: **eu estou no Pai e o Pai está en min.** Se non, crede as obras. En verdade, en verdade vos digo: o que cre en min, tamén el fará as obras que eu fago, e aínda maiores, porque eu me vou ao Pai*».

Palabra do Señor.

(Narrador – Xesús – Tomé - Filipe).

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

**Deus Pai en min e eu en vós.
Póño-me nas túas mans, MÓVEME!**

1. VER: Preparando a mochila

- Imaxinámonos que imos facer unha camiñada, toca sendeirismo este fin de semana. O profesor indicounos que preparemos a mochila e nela que non falten tres cosas moi importantes para o percorrido: -**O mapa de estradas** ou GPS para saber por onde temos que camiñar e os lugares aos que queremos chegar. -**Unha lanterna** para ver cando está escuro e non correr perigo, desviarnos ou facernos danos. -**Un bocadillo** para repoñer forzas e así chegar á meta.

2. XULGAR: Deus Pai en min e eu en vós

-No evanxeo de hoxe, cóntasenos que Xesús e o Pai “son un”. Engade: “Eu son o camiño, a verdade e a vida”. E que se estamos unidos a el chegaremos ao Pai.

Que nos quere dicir?

1.-Xesús fálanos do Pai Deus: dinos que un día iremos vivir ao corazón de Deus, que é tan grande que nel cabemos todos, iremos ao ceo. Para non perdernos deixounos unha mochila con 3 cousas. **Esa mochila é o mesmo Xesús**

porque é como un **mapa** que nos indica o camiño co seu evanxeo, é a lanterna que nos ilumina cando non vexamos as cousas claras, e é o pan que nos alimenta na eucaristía. É Xesús, o camiño, a verdade e a vida.

2.-Non podemos separarnos de Xesús: nada de apartarnos do seu lado, camiñamos con el, vivimos unidos a el. Hai que vivir conectados a Xesús. Na oración dicímoslle: póño-me nas túas mans.

3.-Deixamos que sexa el o que nos mova, o que guíe o noso vivir.

Que te está pedindo Xesús no evanxeo?

3. ACTUAR: Póño-me nas túas mans, MÓVEME!

-Facede un cartel coas tres palabras: camiño (mapa), verdade (lanterna), vida (bocadillo). Ou unha mochila coa cara de Xesús e unha frase: Xesús, non queremos apartarnos do teu lado, guía a nosa vida cada día”.

-Conéctate a Xesús, ao camiño da Vida, coa oración, a vivencia da eucaristía, o perdón, a preocupación polos outros e o compromiso; coas túas alegrías, as túas penas compartidas, a túa creatividade, os teus proxectos ...

-Ademais, non esquezas que El, aínda que ti non o sigas, non deixará nunca de estar en conexión contigo.

Que imos facer?